
SACAPENAS

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de CHEMA HERAS e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 25 x 27 cm. 32 páx. 15 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

Sacapenas (galego)

ISBN 978-84-8464-585-6. Tras os montes.

Menjacabòries (catalán)

ISBN 978-84-8464-707-2. Clàssics contemporanis.

Kezkamuxelak (eusquera)

ISBN 978-84-9172-018-8. Gaur egungo klasikoak.

As preocupações do Billy (portugués)

ISBN 978-972-8781-49-1. Clássicos contemporâneos.

Bieito sempre estaba preocupado.

Preocúpase polos sombreiros e polos zapatos.


Preocúpalle as nubes, a chuvia e os paxaros xigantes.

*A súa avoa, cando era nena, tamén se preocupaba por todo,
por iso ela sabe moi ben como axudar o seu neto.*

Os bonecos *sacapenas* son o símbolo deste relato que nos abre a porta a outra cultura. Dende tempo inmemorial os nenos de Guatemala fábrícanos con pauciños e restos de teas e fíos; á hora de deitarse cóntanlles unha preocupación e déixanos debaixo da almofada para, ao día seguinte, espertar sen inquedanzas.

Anthony Browne crea un relato cheo de misterio, acompañado dunhas ilustracións que reforzan esa atmosfera enigmática. As escenas de tensión distínguense das outras pola cor: os medos de Bieito píntanse nunha escala de grises que potencia a sensación de intriga e inseguridade; en contraste, o colorido inunda as demais páxinas, principalmente aquelas nas que os *sacapenas* están presentes, incrementando o efecto beneficioso dos bonecos para o desenlace da historia.

O estilo de Anthony Browne destaca polo realismo das imaxes, o detallismo co que representa a figura humana, os riscos na expresión facial ou as engurras da pel. Os momentos agradables na vida de Bieito acontecen no marco de estampas familiares que achegan un ambiente tranquilizador. Mais cando o asaltan as súas teimas, xorden formas de inspiración onírica e surrealista. A súa avoa daralle o remedio a tanto desasosiego.



■ **Temática:** remedio para os temores e as preocupacións.

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** orixe dos bonecos *sacapenas*; ilustracións realistas mesturadas con elementos imaxinarios; afrontar os medos; do autor e ilustrador de “O libro dos porcos”, “No bosque”, “Un paseo polo parque”, “Que tal estás?” e “Gorila, un libro para aprender a contar” (KALANDRAKA).

Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Estudou na Leeds College of Art e especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia que lle causou un dos seus primeiros traballos como debuxante nun hospital de Manchester. A súa dedicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior deseñando tarxetas de felicitación. O seu estilo tamén revela interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introducción de elementos estraños nas imaxes. Ao longo da súa frutífera traxectoria recibiu importantes distincións, como a Medalla Kate Greenaway, a Medalla Children's Laureate, o premio Kurt Maschler e o Premio Hans Christian Andersen no ano 2000 polo conxunto da súa obra. Foi o primeiro británico en obter esta distinción, dende 1956. É un dos autores ingleses de maior prestixio pola súa contribución ao descubrimento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Os especialistas en literatura infantil e xuvenil din da súa obra que crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector -independentemente da súa idade- para completar e interpretar o texto.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
